

IV PREMIO INTERNACIONAL DE NOVELA

Xosé Manuel Martínez Oca recibe o Rubia Barcia de novela

O escritor Xosé Manuel Martínez Oca recibiu este mércores o Premio Internacional de Novela Xosé Rubia Barcia  Cidade de Ferrol, na súa modalidade en lingua galega. A obra presentada a concurso, baixo o lema *Unha anduriña no sol*, narra os desencontros dunha filla coa súa nai.

- 12:26 22/12/2005

O traballo galardoado levará por título definitivo *Como paxaro caído do niño*. A súa trama comeza cando unha rapaza se despraza ata A Coruña para asistir ao enterro da súa nai morta. Este escenario sèrvelle ao escritor para recrear tortuosos momentos da relación entre ambas as dúas, marcada polo distanciamento dunhas agresións sexuais das que a nai era sabedora e consentidora.

O Premio Rubia Barcia está dotado con dous mil euros en metálico, así como coa publicación da obra gañadora e a entrega dun pergameo conmemorativo. No acto de entrega participaron, ademais do propio [Xosé Manuel Martínez Oca](#), o concelleiro de Cultura, Xosé Manuel Couce Fragueta, e o presidente do Liceo Rubia Barcia, Lino López.